

ASUNTO: CONCESIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS AO ESTUDO PARA FAMILIAS CON DESCENDENTES ESCOLARIZADOS – LIÑA 1 (COMEDOR) - CURSO 2022-2023 – ALEGACIÓNS PRESENTADAS

A Xunta de Goberno Local de data 31 de xullo de 2023, adoptou, entre outros, os seguintes acordos relativos ás alegacións presentadas á concesión provisional de axudas ao estudo – Liña 1- Axudas a comedor:

- Desestimar as alegacións presentada polas persoas solicitantes para a liña de axudas 1 (comedor), que se especifican a continuación:
 - Solicitante con pasaporte ****982: os prazos de solicitude aprobados mediante o Decreto número 2023/2022 de 7 de xuño de 2022, na única convocatoria que se levou a cabo, foron do 15 de xuño ao 15 de xullo de 2022.
 - Solicitante con DNI ***4089**: Sin entrar en cuestións referentes á normativa reguladora do proceso de admisión do alumnado, ao non tratarse dunha cuestión do ámbito municipal, indicar que o Concello de Arteixo fai un gran investimento en servizos de conciliación.

Durante o período escolar, todos os centros de Educación Infantil e Primaria do termo municipal, contan con servizos de conciliación desde as 07:00 horas ata as 18:00 horas, e nalgúns casos, ata as 19:30 horas. Estes servizos son, ben prestados polo propio Concello ou polas Asociacións de Nais e Pais de alumnos, contando neste último caso, con subvencións municipais.

Ainda así, algunhas familias, por decisión propia, deciden escolarizar os seus fillos/as en centros doutro termo municipal, pero non por falta de recursos nin servizos nos centros do termo municipal de Arteixo.

En calquera dos centros educativos de Arteixo se imparten ensinanzas relixiosas.

Nalgúns casos, os servizos de conciliación dos centros educativos nos que están matriculados estes alumnos/as en cuestión, son inferiores aos dos centros educativos do noso termo municipal.

- Solicitante con DNI ***9737**: A unidade familiar alegante aparecía nas listaxes de requerimentos e non se produciu a presentación da documentación requirida no prazo habilitado ao efecto.
- Solicitante con DNI ***9316**: A solicitude de axuda non se presentou a través de calquera medio dos establecidos nas bases reguladoras, senón que se presentou na Asociación de Nais e Pais sin ser trasladada por ningún medio esta solicitude ás dependencias municipais.

- Solicitante con DNI ***1995**^{*}: Revisada a documentación presentada, non se desprende que os ingresos da unidade familiar sufriran unha merma, senón que son superiores aos que figuran na declaración do IRPF.
- Solicitante con DNI ***9841**^{*}: Revisada a documentación presentada, acredítase que a situación laboral de ambos proxenitores variou pero os ingresos da unidade familiar sufriron unha merma inferior ao 20% previsto nas bases reguladoras para estas casuísticas.
- Solicitante con DNI ***5956**^{*}: Segundo documentación obrante nas dependencias municipais, a unidade familiar alegante supera os ingresos estipulados nas bases reguladoras para ser beneficiaria desta liña de axudas.
- Solicitante con DNI ***2585**^{*}: Segundo documentación obrante nas dependencias municipais, a unidade familiar alegante supera os ingresos estipulados nas bases reguladoras para ser beneficiaria desta liña de axudas.
- Solicitante con DNI ***0596**^{*}: A unidade familiar alegante aparecía nas listaxes de requerimentos e non se produciu a presentación da documentación requirida no prazo habilitado ao efecto.
- Solicitante con NIE ****8207**^{*}: A unidade familiar alegante aparecía nas listaxes de requerimentos e non se produciu a presentación da documentación requirida no prazo habilitado ao efecto.
- Solicitante con DNI ***2056**^{*}: A unidade familiar alegante aparecía nas listaxes de requerimentos e non se produciu a presentación da documentación requirida no prazo habilitado ao efecto.
- Estimar as solicitudes presentadas polas persoas solicitante para a liña de axudas 1 (comedor), que se especifica a continuación e cuos resultados se ven reflectidos nas listaxes definitivas:
 - Solicitante con DNI ***0958**^{*}
 - Solicitante con DNI ***4267**^{*}